



Entrevista ao escritor e tradutor galego Isaac Xubín

01/02/2016 Ramiro Torres

<https://palavracomum.com/entrevista-ao-escritor-e-tradutor-galego-isaac-xubin/>

– **Palavra Comum:** Que representa para ti a poesía/literatura?

– **Isaac Xubín:** Hai un poema de Bernardo Atxaga, que á súa vez está baseado nun outro poema do autor árabe Abdefattah Kilito, no que o feito da repetición aparece como un elemento fundamental da tradición e da cultura. Os libros foron unha parte importante da miña infancia e da miña mocidade. Supoño que comecei a escribir porque iso era o proceso lóxico para min, eu quería seguir repetindo, quería ser parte do proceso de repetición, buscar o meu xeito de repetir o que á súa vez me chegou a min repetido.

– **Palavra Comum:** Como entendes o proceso de creación artística (poética e audiovisual, nomeadamente)?

– **Isaac Xubín:** Sempre me gustou aprender, creo que o feito de estar a traballar con cousas novas obrígate a poñerte nunha situación incómoda, en lugares onde non coñeces o funcionamento do que está ao teu redor. E aquí falo de experiencias tan diferentes como aprender unha lingua nova, un deporte novo ou comezar a vivir nunha cidade diferente, é suxestivo pero en xeral é incómodo porque non tes adquirido os procesos e os protocolos que fan que todo funcione ben dunha determinada maneira. Esa sensación, a de estar a aprender, é a única maneira real de sentirnos novos. O proceso de creación, para min, está relacionado, moi relacionado, con estas experiencias das que che falo. Probablemente unha das mellores maneiras de explicalo sexa mediante a música, penso que un músico comprenderá perfectamente o que digo. O feito de comezar a traballar cunha canción, a frustración, quizais, inicial, o proceso de adquirila e despois comezar a dominala, facela súa, saber que sempre estás a aprender, que nada é definitivo...

– **Palavra Comum:** Qual consideras que é -ou debería ser- a relación entre a literatura e outras artes (música, artes plásticas, etc.)?

– **Isaac Xubín:** Cada quen ten o seu propio xeito de interactuar con outras artes, quizais, por sorte, as fronteiras están a esvaerse, e non só en canto a formatos, formalmente. O que é seguro é que a literatura, e concretamente a poesía (aquí falo completamente dende o que eu penso,

dende a miña experiencia, erros que penso que cometín), non debe esquecer que o seu medio é a palabra, a imaxe é outra cousa.

– **Palavra Comum:** Como abordas a actividade como tradutor? Como são as tuas experiências neste sentido?

– **Isaac Xubín:** Até o de agora a miña experiencia como tradutor baséase no camiño entre o éuscaro e o galego (agás unhas poesías gaélicas que traducín para *Dorna* hai uns anos, un camiño que retomei coa tradución dunha novela emblemática para a literatura en irlandés e que verá a luz en poucos meses da man de Rinoceronte, *A boca pobre*). Como creador a tradución ten moitas opcións, ofréceche a posibilidade de entrar en contacto con outro creador e, ademais, inevitable, formar parte do texto ao levala á lingua galega. O traballo de tradutor, manipulador, garda moitos recunchos estimulantes para un creador que saiba tomar proveito.

– **Palavra Comum:** Quais são os teus referentes criativos (desde qualquer ponto de vista)? Quais del@s reivindicarias por não serem suficientemente (re)conhecidos (ainda)?

– **Isaac Xubín:** Yolanda Castaño, polo iceberg, a illa e as sereas. Xabier Cordal e Chus Pato, polo outro lado do espello e porque saben escribir no antergo alfabeto dos que invadiron Irlanda. Ferrín, *Eu ámote, Señor, a miña forza, Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio*.

– **Palavra Comum:** Que camiños (estéticos, de comunicación das obras com a sociedade, etc.) estimas interesantes para a creación artística hoje -e para a cultura galega, em particular-?

– **Isaac Xubín:** O feito de que as tecnoloxías sexan hoxe en día tan accesibles e permitan unha mancha de posibilidades, fai que calquera que teña o impulso de achegarse a elas poida expresarse en determinados eidos nos que até hai pouco era necesario un dispendio económico importante e uns coñecementos amplos que non estaban ao alcance de todos.

Por outra banda, hoxe é moito máis doado cruzar fronteiras e chegar onde antes só era posible se entrabas nun club, nun canon,...

– **Palavra Comum:** Levas residido em Euskadi e Irlanda. Que aspectos consideras mais relevantes desses espaços culturais?

– **Isaac Xubín:** Pois o aspecto fundamental que sempre remarco é o feito de que ter un estado non garante que a túa lingua estea a salvo. A teimosía dos vascos por manter a lingua, o seu pragmatismo e determinación son admirables. Pero quero deixar claro que a miña admiración vén dada polo respecto ao feito de que é algo que deciden, algo que está traballado,... suor, sangue e comunidade, sen divisións. Porque cando falo deste tema, en Galicia, semella que os vascos levan no seu código xenético esa inercia. E non é así, tamén había autoodio na cultura vasca até hai moi pouco, por iso, de feito, se chegou ao punto de perda en que estivo a súa lingua e a súa cultura... e mira os bertsolaris. Que eran os bertsolaris hai vinte anos? Agora enchen pavillóns con miles de persoas!

– **Palavra Comum:** Fala-nos do fútbol gaélico...

– **Isaac Xubín:** Tiven a sorte de practicalo mentres vivía en Irlanda, moi divertido, moi esixente fisicamente, amateur, do pobo. En Galicia, co tempo, será ferramenta fundamental. O traballo que se está a facer é moi bo, con moita proxección, están a medrar uns vimbios que darán unha firme estrutura para moitas cousas de xeito transversal.

– **Palavra Comum:** Que projetos tens e quais gostarias chegar a desenvolver?

– **Isaac Xubín:** Sigo ás voltas coa tese, Cunqueiro e a gastronomía,... Un par de proxectos audiovisuais,... Teño moitas cousas que aprender, moitas cancións que facer miñas. E nun par de meses sairá a miña primeira novela, con Xerais, *Non hai outro camiño*.